

O xoves día 4 de agosto, o Sr. Domingo Dosil Cubero, Presidente da Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), acompañado dun técnico especialista en Centros Ocupacionais, D. Manuel Caamaño Sestayo, visitou o Concello das Pontes co fin de manter unha xuntanza cós representantes da Asociación de Discapacitados Activos A Xanela e coñecer de primeira man os proxectos que dende A Xanela se están a promover no eido da discapacidade.

A Xanela, Asociación de Discapacitados Activos, naceu o 20 de xuño do ano 1989, baixo o particular nome "A Xanela: Asociación para a Integración do Neno Diferente" co obxectivo de escolariza-los nenos con diversas discapacidade; coa creación do novo centro ASPANAES, en parte o obxectivo foi cumprido, pero os usuarios que xa esgotaran a etapa escolar quedaban nunha situación de desatención.

Deste xeito, en xaneiro de 2000, un novo equipo directivo, na procura de novos obxectivos, dalle un novo nome: "A XANELA ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS ACTIVOS", entidade sen ánimo de lucro e de carácter voluntario. A partir de entón, a filosofía que rixe todas e cada unha das actuacións da entidade parte do principio fundamental de considerar ás persoas con discapacidade como suxeitos de dereitos e valores. A partir deste principio fundamental, o fin das actividades da Asociación de Discapacitados Activos A Xanela é a mellora da calidade de vida dos seus uruarios/as, das

A Xanela recibeu a visita do Presidente de COGAMI

súas familias e do seu entorno social, por medio da defensa da dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade e da promoción da súa integración educativa, laboral e social.

Na actualidade, A Xanela conta con máis de 200 socios e está a traballar na ampliación do seu ámbito territorial de acción, coa intención de extender os seus servizos ós concellos de A Capela, Monfero, Moeche, Xermade, Muras e As Somozas, e dicir, achegar os seus servizos a máis de 1.100 persoas que están afectadas por algún tipo de discapacidade, tanto física coma psíquica ou sensorial.

A Xanela forma parte de Cogami, entidade de ámbito autonómico que nace no ano 1992 co obxectivo de integrar socialmente ás persoas con discapacidades e da que forman parte gran número de entidades do eido da discapacidade de ámbito local, comarcal e provincial. Dende o seu inicio a Cogami considerou como un eixo principal da súa actividade a integración a través do traballo, desenrolando estratexias que lle permitiron convertirse nunha entidade de referencia a nivel europeo no entorno da inserción laboral. As dificultades existentes para lograr tal fin obrigaron a constituír empresas de emprego protexido (Centros Espe-

ciais de Emprego). Por elo, e tras un gran esforzo, o pasado mes de setembro tivo lugar en Santiago de Compostela a presentación do Grupo de Economía Social de Cogami, que neste momento ten en funcionamento 20 iniciativas empresariais de diferentes sectores industriais: madeira, alimentación, novas tecnoloxías, etc

A Xanela Carpintería SL, é un dos Centros Especiais de Emprego pertencente ó Grupo de Economía Social Cogami. Esta empresa, que depende directamente de A Xanela Asociación de Discapacitados Activos, constituíuse en setembro de 2003 co obxecto de realizar e comercializar diversos produtos de carpintería. Actualmente, a súa plantilla está formada por 5 traballadores, todos eles discapacitados. Aínda que a creación do CEE A Xanela Carpintería SL é moi recente, o recoñecemento do seu bon facer refléctese no incremento constante de produción, debido ó volume, cada vez maior, de pedidos que realizan os seus clientes. O obxectivo principal desta iniciativa empresarial será o de crear máis emprego para persoas con discapacidade, que na actualidade reciben formación nos talleres que se realizan durante todo o ano a través da Asociación A Xanela, e lograr a súa integración no mercado laboral ordina-

rio.

A gran labor que está a levar a cabo a Asociación A Xanela, a través das distintas actividades que realizan é o motivo da visita do Sr. Dosil e o Sr. Caamaño, quen despois de manter unha xuntanza con representantes de A Xanela, donde foron informados dos proxectos que se porán en marcha en breve, realizaron unha serie de visitas ás distintas instalacións que posúe a entidade local. Na xuntanza mantida, o Presidente da entidade local, D. Juan G. García Gómez, e o seu Vicepresidente D. Manuel Escourido Calvo, destacaron a realización das actividades que levan a cabo con grande éxito dende hai algúns anos e que se dividen en 3 grandes áreas de actuación e que, coas súas respectivas unidades e talleres, son:

1. Ocupacional - Realización de diversos talleres, destacando polo número de alumnos, os de:
 - Taller de manualidades: Pintura, Restauración, Estaño e Madeira e Bordado e Costura.
 - Taller de talla e pintura de madeira
 - Taller de bolillos
2. Asistencial - A Asociación A Xanela forma parte dun grupo de entidades de acción voluntaria que

forman parte da rede de voluntariado da Cogami. Dende o Voluntariado de A Xanela desenrólanse programas de rehabilitación, fisioterapia e terapia ocupacional por persoal voluntario especializado en cada unha das materias. Ó mesmo tempo realízanse outras actividades coma o asesoramento, campañas informativas, etc.

3. Servizos - Dende a Asociación tamén se promoven outro tipo servizos para discapacitados tales como o transporte de discapacitados ós lugares nos que se realizan actividades.

Ademais destas liñas básicas de traballo, realízanse actividades de ocio e tempo libre (viaxes, visitas culturais, intercambios, ...), Cursos, Congresos e Xornadas sobre aqueles temas de interese xeral para os discapacitados.

Así mesmo, os representantes de A Xanela, Asociación de Discapacitados Activos, fixeron entrega ós representantes de Cogami dun dossier coa memoria do "Proxecto de Centro Integral de Atención a Persoas con Discapacidade", que prestará servizos formativos, ocupacionais e prelaborais a tódolos usuarios do ámbito territorial de A Xanela, e, ademais, fixeron saber o interese na creación a medio prazo dun novo Centro Especial de Emprego, que se encontra en fase de estudio, que xeraría novos postos de traballo para persoas con discapacidade de toda a zona.

A Fraga 26 de xullo

